

# Posta en valor da Faba de Lourenzá: sanidade da semente, cultivo e comercialización.

FEADER2021/066A



## Lidera

Unión de Cooperativas Asociación  
Galega de Cooperativas Agrarias - AGACA



Santiago: r/ Tomiño, 22, soto 1 - Tel. 981584783

Lugo: r/ Poeta Noriega Varela, 30, entpta A - Tel. 982201514

Ourense: r/ Bedoia, 7, 2º, OF. 1 - Tel. 988242481

[www.agaca.coop](http://www.agaca.coop)

## Participan

Terras da Mariña S. Coop. Galega

r/Ponte das Cuñas, s/n - Lourenzá

Tel. 982121406 - [terrasdamarina@gmail.com](mailto:terrasdamarina@gmail.com)



Universidade de Santiago de Compostela

Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro - Santiago de Compostela

Tel. 881811000 - [mariadolores.vega@usc.es](mailto:mariadolores.vega@usc.es)



Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

Avda. de Galicia, 4 - Parque Tecnolóxico de Galicia - San Cibrao das Viñas

Tel. 988548277 - [info@ceteca.net](mailto:info@ceteca.net)



## Cofinancian

FEADER2021/066A

# POSTA EN VALOR DA FABA DE LOURENZÁ: SANIDADE DA SEMENTE, CULTIVO E COMERCIALIZACIÓN

Un proxecto de:

Unión de Cooperativas Asociación  
Galega de Cooperativas Agrarias - AGACA

Terras da Mariña S. Coop. Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Fundación Centro Tecnolóxico da Carne





## Contexto

A Indicación Xeográfica Protexida (I.X.P.) Faba de Lourenzá ampara feixóns secos separados da vafía, procedentes da familia das leguminosas, da variedade local 'Faba Galaica'. Cultívase na costa lucense, cuxa edafoclimatoloxía propicia un desenvolvemento homoxéneo das sementes e características cualitativas e diferenciadoras, coma pel suave, que a fan moi demandada.

As variedades tradicionais de faba adoitan mostrar certa tolerancia a patóxenos (virus e bacterias) e a semente reutilízase e intercambiase sen control de vectores en campo, con risco de dexeneración do material vexetal.

## Obxectivos

Profesionalizar o cultivo de horta da Faba de Lourenzá, mellorando a súa produción sen minguar a calidade e achegando valor no seu procesado e posterior comercialización.

USUARIOS POTENCIAIS, por sector: primario (o maior beneficiario), secundario (tería un novo produto probado e caracterizado), terciario (comercial: ampliación de mercado) e cuaternario (innovación xerada en plans experimentais apoiados polas entidades participantes).

*O proxecto está financiado nun 80% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.*

## Obxectivos específicos

- ✓ Avaliación da sanidade de lotes de semente e seguimento epidemiolóxico de *potyvirus*: cuantificar perdas e adecuar técnicas de cultivo, protección e selección da semente, reducindo virose.
- ✓ Caracterización das producións por calidade, segundo métodos máis idóneos de cultivo.
- ✓ Creación dun programa de trazabilidade: xestión integral sinxela da faba (datos históricos, procedencia e traxectoria de lotes).
- ✓ Homoxeneización da calidade da faba e unificación entre pel e polpa.
- ✓ Ampliación da canle comercializadora da Faba de Lourenzá: transformación (hummus de faba).
- ✓ Transferencia da tecnoloxía: kit análise de *potyvirus* e Ps.Ph. para técnicos e agricultores.

## Impacto

**CONSERVACIÓN E MELLORA AMBIENTAL:** as leguminosas, como a Faba de Lourenzá, melloran a fertilidade do chan: secuestran carbono e achegan materia orgánica. En simbiose con algunhas bacterias fixan nitróxeno asimilable polas plantas: menor uso de fertilizantes nitroxenados suporía menos emisións de gases de efecto invernadoiro derivados da fabricación, transporte e aplicación destes.

**REVALORIZACIÓN:** mellora a relación calidade/cantidade da produción das Fabas de Lourenzá, cun produto máis competitivo e co valor engadido da produción sostible e respectuosa co medio e a tradición.

**MENOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN E MÁIS PRODUTIVIDADE:** o kit de diagnóstico de semente axudará a mellorar a sanidade das plantas ao diminuír a incidencia de viroses, evitando as perdas de produción que ocasionan, garantindo un uso máis eficiente da semente e reducindo os custos de produción do cultivo (menos insumos e dependencia enerxética para o seu manexo).

